

Núm. 60

15-12-28

nós

CASTILLO



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 .
Número solto	0'70 .

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser das que por non iren rubrados, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

- O insino en Ribadeo dende o século XVI ó XIX, por F. LANZA.
Intresante itinerario d'un viaxe a través de Galicia no s. XVIII, por R. O. PEDRAYO.
A cirexa de Santa María de Mixós e as súas aras romanas, por FERMÍN BOUZA BREV, M. FUENTES CANAL e XOSÉ RAMÓN E FERNÁNDEZ OXEA.
Catálogo dos Castros Galegos, da Seizón de Prehistoria do S. E. G.
Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Santo Domingo, 47-2.º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X



Ourense 15 de Nadal de 1928



Núm. 60

O insino en Ribadeo desde o século XVI ô XIX

As primeiras notizas que temos encol do insino n'esta vila, son de mediados do século XVI. De denantes de ise tempo nada se sabe (o probabel e que non haxa nada que saber) con respecto a iste asunto, pol-a razón de que os documentos mais antigos que eisen no único arquivo local en que pode buscarse, que é o do Concello, datan do ano de gracia de 1536.

Todol-os «libros de puridade» anteriores á ese ano, e moitos de despois, desapareceron da colección, roídos unhos pol-os ratos; outros, desfeitos pol-a humidade, e os mais, comidos pol-os señores escribanos, que eran peor que os mais afamados roedores, pois chegaban a facer desaparecer de unha vega da as actas de dez anos. Certo é que os rexidores afanábanse por recuperal-os, e outiñan cada pouco «censuras» contra os distraídos segredarios; pro as censuras dos tempos aqueles debían impoñer menos respecto que as da agora, e as actas, e as relacións de propios, e os censos e todos cantos papeis desaparecían un día, xa nunca mais se atopaban. C'o que, xa agora, orixináronse na historia da vila lagoas profundas, que soilo se poden atuar con suposicións mais ou menos lóxicas e con contos mais ou menos galanos, que son os materiáis que mais empregaron cantos se ocuparon do pasado de Ribadeo, facendo caer en erros tremendos ós que de boa fé seguiron os seus esquritos. Cita-rei, pra exemplo, o caso do Sr. Otero Pedra-yo, quen, guiándose sñ dubida por algún

d'esas *historiadores* de bric-a-brac, trabu-couse nas páxinas que adica á Ribadeo na sua «Guía de Galicia», según tiven o honor de lle decir por carta particular ô notable es-quritor ourensán.

**

O documento en que por primeira vez se fala de algo relazado co insino en Ribadeo, e unha conta de propios do ano 1542, na que figura unha partida de quinientos maravedises pro «Bachiler da Gramática».

Quen fose este Bachiler iñórase, como se iñora si facía xa tempo que se adicaba o insino d'aquela cencia, ou si o dito era o primeiro ano que a espricaba. A confianza con que aparece tratado pol-o Concello permite supoñer que non era novo na vila, na que, sin dúbida, disfrutaba d'aquelas considera-cións e privilexios que os mestres tiñan na España dos séculos XIV, XV e XVI, e que, ô decir de Ricatostos («Os españoles na Italia»), eran notabres e honrosos pra iste país, n'unha época en que, na Francia, os escolantes estaban obrigados a facer de pregoeiros dos Concellos, e n'outras nazóns, a servir de sancristás e de criados dos párrocos.

N'alguns concellos, engade o autor cita-do, eistia nos tempos menzoados o insino obrigatorio; i-entre aqueles estaban os de Galiza, donde, según os historiadores da Pedagogía, chegou a penarse con tres anos

de desterro ós pais que non mandaban seus fillos á escola.

Craro que isto, ben mirado, era fomentar, non a instrucción dos nenos, senón a crueldade, o *herodismo* dos mestres, pois, eiquí como no resto da Europa, as escolas eran, en opinión de Rodolfo Agrícola, prisiós donde se non ouvían mais que golpes e choros, pois a practica común pra correxir ós nenos era o vergallo e a palmeta, pol-o que Lutero pedía que taes lugares—«estabros de Curros con dous pés»—fosen desfeitos e arrasados.

En Ribadeo, i-é de crér que n'esto non estaba soilo iste pobo, non facía falla chegar o arrasamento que quería o frade da Reforma. Pese ó que digan os autores citados, e os que se non citan, o afán pol-a cultura era moi escaso nos elementos dirixentes, e a maior parte do tempo os pobos estaban sin mestre e non tiñan local pr'a escola. De como andaban as cousas do insino da ideia o feito de que en 1564, e decir, ós vintedous anos de haber tido un Bachiler de Gramática, inda descubrían os rexidores que «era de proveito e utilidade pr'a república que n'ela haxa mestres que insinen a ler i-escribir ós mozos», e con iste fin acordaban dar 33 réas á Sancho de Saavedra, que era *bó escribano*.

Os nenos quedaban eiscruídos do insino, je pouco que se aledarían d'elo! As nenas, non se diga. A preocupación de que ás mulleres non lles facía falla saber ler era xeneral d'aquela, e inda hoxe, por desgracia, non se acaban de desarreigar das nosas aldeas, donde non é difícil ouvir ós vellos—sobre todo, ás vellas:

—¿Pra qué queren saber de letras as mozas? ¿Pra esquirbir ós mozos? ¡D'abondo teñen co-a lingua!...

Soilo os mozos podían adicarse ós estudos en que se adeprenden os saberes, como dí o «Código das sete partidas». Así, e non como contan os libros, se ocupaban da ilustración do pobo os nosos Concellos.

Sin embargo, pouco despois do ano últimamente citado, as escolas abríronse de vez, pra grandes e pequenos, tomando o insino unha marcha, senón ascendente, ó menos, recta e, no que sabía, segura.

Desde fins do século XVI, todol-os anos,

e sempre no concello aberto do primeiro de Xaneiro, convocado á son de campá, os veciños nomeaban mestre pra escola, ó mesmo tempo que gaitero, pregoeiro, veedor das candelas, sancristán, campanilleiro e demais funcionarios públicos..., todol-os cuaes estaban, en xeneral, millor retribuídos que o escolante, o cual tiña, por chea, cen ou cento cincuenta réas ó ano, non sabemos si con desconto. Eso sí; dábaselle (pol-o menos acordábase darlle) «boa casa i-en bó sito», e inda ás vegadas se lle engadía un plus de medio real ó mes por cada rapaz desasnado que presentaba.

O século XVIII é trascendental na historia de Ribadeo pol-a importancia que a navegación e o comercio chegan á adequirir, impulsados por un fato de homes emprendedores, antr'os que merece sinalarse D. Antonio Raimundo Ibáñez, admirabile capitán de industria, como hoxe se diría, asesinado a pedradas pol-as turbas patrióticas, ó estalar a guerra da Independencia.

Emparexado co progreso material ven o do insino, empuxado pol-o mesmo pobo, que ora por adicarse o navegar, ora pol-as suas relacións comerciais dentro do país, sentía viva coma nunca a necesidade de se capacitar pr'a loita.

A iniciativa particular fforeceu entón, ó calor d'ese rexurdir eispréndido, en fundacións escolares notabres, sostidas principalmente c'o diñeiro das Indias; e o Concello, pol-a sua parte, non deixaba de acudir co-as suas liberalidades, como d'aquela se decía, á obra rexeneradora, consinando en todol-os presupostos algunhos centos de réas pra axudar ó sostenimento das cátedras de gramática, artes e moral que viñan eispricando dous frades do convento de San Francisco. Cátedras que eran «a obra mais agradabre ós ollos de Deus e útil á vila», según escribía desñe Guatemala, en Xunio de 1749, un fillo de Ribadeo, D. Tomás García Amieiro e Vaamonde, quen, ó mesmo tempo que tal decía, mandaba catrocentos «pesos escudos de 128 cartos» pra que se impuxesen en fincas seguras, destinando os réditos pra «axu-

da de manter os Reverendos Pais Maestros que o grande celo e caridade do Cabildo conqueriran pro adeantamento d'esta vila e do seu contorno».

Pra esa fundazón levantouse, por acordo capitular do ano 1738, unha casa, que se chamou *casa de aulas*, na praza do Campo, extramuros da vila, n'un solar regalado pr'ouxeito por un veciño xeneroso. As obras fixéronse, en parte, con fondos propios, i-en parte con un préstamo que fixo a Cofradía do Santísimo, á que se lle pagou, anos adante, cos restos da cantidade mandada pol-o Sr. García Amieiro. A construción da casa de aulas dou orixen a muitas discusións no seo do Concello, votando en favor d'ela 69 veciños; en contra 3, que non querían estudantes porque facían muitas diabruras; i-en favor da casa, pro en contra do sito elixido, outros 3. Estes últimos opoñíanse a que o colexio se fixese na praza, porque n'ela, preitiño do solar regalado, estaba o lavadeiro do pobo, e n'él decíanse a berros cousas que os estudantes non debían ouvir.

O tempo veu á darlles a razón á estos veciños moralistas. Os poucos anos, o Colexio houbo de ser abandonado por mór dos escándalos das lavadeiras; e as cátedras foron trasladadas a un ricuncho da fábrica, que xa estaba cerrada, mandada facer por Carlos III pra popularizar na bisbarra a industria dos lenzos e das cintas.

E alí morreron pouco despois, faltas do apoio do Concello, que xa escomenzaba á perder o intrés pol-as obras culturaes.

A mais notabre das institucións particulares d'insino no século XVIII, foi a Obra pía Sierra Pambley, fundada pol-os irmás don Xacinto e D. Francisco Sierra Pambley, orixinarios da rexión leonesa, donde istos apelidos andan aínda vinculados a fundacións escolares, según temos lido n'algún artigo do visitador de escolas D. Lois Bello.

Os señores Sierra, por testamento otorgado o 28 de Setembro de 1713, fundaron, dotándoa con rendas d'abondo, unha «escuela de ler, escribir, contar, doutrina, Gramática e demais ciencias, como s'estila nos colexios

da Compañía de Xesús». Rexiríana dous fillos de San Ignacio, cada un dos cuacs percibiría anualmente cen ducados; e había de estabrecerse na casa-torre que os donantes construíran, en 1701, no sito coñecido por Xibraltar, e que inda eiste, desafiándose co nome de Cuartel vello, porque de cuartel de milicianos serviu no século derradeiro.

Os xesuítas—sua conta lles tería—non quixerón facerse cárrego do colexio, i-entón os herdeiros dos Sierra Pambley viñeron a un acordo c'o Concello, quedando iste de patrono da fundazón e de «proteitores» o cura da veciña freguesía de Vilaselán e o pai prior do convento de franciscos, de Ribadeo.

Patrono e proteitores cuidáronse pouco da obra que se lles poñía nas mans; e mentras as casas con cuas rentas se había de soste aquila, iban caíndo pouco a pouco, as prazas dos mestres que habían de substituír os discipulos de Iñigo de Loiola permañecían desertos anos e anos, chegándose en 1763 a refundilas n'unha soia, que se lle deu vitaliciamente á un crego, apelidado Caloino, o cual había de disfrutar das rendas que quedaban, poucas xa; porque os bés, na súa maioría, pasaran a mans estranas, que nin por xusticia os quixerón devolver.

O comenzo do século XIX vendéronse, por mandado do Goberno, as rendas salvas do desastre; i-esta venda, según decía o Concello, anos adiante, ó dar conta das fundacións de índole que había no condado, «pode decirse que motivou a eistinción d'este establecemento, pois quedando reducidos os seus caudals ós 1698 réas dos rédetos, aínda cando estos seian pagados puntualmente, con dificultade se atopará un mestre, ó menos bó, que acepte o insino na cátedra de Latínidade», que era ó que quedara reducida a escola.

FRANCISCO LANZA

Ribadeo, Xaneiro, 1928.

Xa apareceu CANTIGAS E VERBAS AO AR

Poesías por Xulio Sígüenza

Un intresante itinerario d'un viaxe á través de Galicia no século XVIII

Debo á bondade do Sr. Ortiz Solís, arquiveiro da Diputación Provincial d'Ourense, o coñecimento d'un intresante manuscrito tidoado «Itinerario facultativo del viage a Galicia que el Sr. Conde de Guzmán, del Consejo de S. M. en el de Hacienda, Intendente de exército, Inspector General de Caminos y Canales de Navegación, etc, emprendió este año de 1799 con el motivo de inspeccionar la Carretera que solicitan las tres provincias de Santiago, Orense y Tuy». No contido do manuscrito separanse naturalmente dúas porcións: unha técnica (estudo do trazado, aproveitamento dos anacos de camiños antigos, pontes, empedrados e demais) e outra da paisaxe e vivir das terras percorridas. Dend'o día 18 de setembro ó 30 de Santos o diario do viaxe garda sucesivas lembranzas d'aquela Hespanha, en parte tradicional, en parte mordiscada pol-o espírito do século do despotismo ilustrado. Sendo cativa a literatura de viaxes por Galicia coidamosqu'os datos e impresiós gardados n'iste Itinerario non son desmerecentes de ocupar unha miguña de tempo á atención do noso Seminario d'Estudios Galegos. E por tratarse d'un testimonio ceibe dos prexudiciós qu'entón cobrían o nome e a sona da Galiza, seguíremolo dend'o primeiro día.

OS VIAXEIROS

En compañía do Sr. Conde viñan o seu segredario D. Xohan Antonio Giranda, o facultativo D. Vicente de Ponte e mais un axuda de cámara de sua excelencia. Debia sere o conselleiro un grave personaxe de moito tino e calcada esprenca posta ó servizo da Católica Maxestade de El Rei D. Carlos IV. Entre S. Vicente e Trafalgar, des-

pois da guerra do Rosellón e dinantes do 1808, a Monarquía inda gardaba o seu dourado prestixio e o imperio d'alénmar. O conselleiro, c'o segredario e axuda de cámara viaxaban en silla de postas con dúas mulas. O facultativo veu sempre, acabalo e a il se debe a redacción do diario.

AS SETE PRIMEIRAS XORNADAS; DE MADRID A VALLADOLID

Camiñaban de cinco a seis horas e meia. Primeira noite na venta da Trinidad de «regular comodidad» pol-o que toman notas pro arrego da pousada. O segundo día xantar na casa de Postas de Navalejo onde toman medidas pra facer unha fonte por ser lugar de moito tránsito. A venta de Peñagudiña somentes sirve pra arrieiría. No Real Sitio de S. Ildefonso o mesón do «Oso» o da «Aragonesa» ten boa feitura mais cativa comodidade. O camiño á saída de S. Ildefonso parés a avenida d'un parque. Esta escanestrada a casa de postas de Ortigosa e pasáse mala noite na fonda de San Rafael («comedor común mugriento, sucio y asqueroso»; paredes sufincadas en madeiros) pobo importante pol-o tráfico pois n'il apartan os camiños pra Segovia e Valladolid.

En Villacastín onde chegan ás doce do coarto día o camiño forma unha rúa porca de trollo, esterco e palla. S. Cidrián, bó pobo, porca pousada. Da ponte d'Almarza á Martín Muñoz camiño endiañado; soilo queda pol-o meio un sendeiro, o demais comesto pol-a vexetación de cardos silvestres. Martín Muñoz foi boa pobraición. A quinta xornada durmen en S. Cristóbal á dazaioito légoas de Madrid; o vienteiro soilo s'intresa pol-as cabaleirías.

En troques dúrmese ben nas habitacións independentes do bo mesón de Olmedo. A

Ilustre vila tén trescentos e cincoenta veciños, correxidor e alcalde. Os viaxeiros non dín rên da fermosa paisaxe hestórica (muros, eirexas, rúas) de Olmedo: faltaba moito pr'o romantismo. Logo por camiño natural (en Olmedo remataba a carretera feita) lameirenta e pol-a rúa desfeita de Valdestillas (soilo ten pousada de arrieiros) séguese pol-as pontes do Adaja e do Duero. Dinantes d'iste os camiñantes teñen feito carreiros entre bosques de encinas. Despois da ponte estreita un longo piñeiral que chega hasta o Campo Grande.

VALLADOLID.

«Villa por villa—Valladolid en Castilla». Crasifiquemos os datos do «Itinerario».

Terreo dos arredores: chao, enxoiro. Permite ir ollando o panorama das construcións que *piramidan* na torre da catedral, e proporcionan satisfacción ó espírito.

Edificios: Os milllores son os relixiosos (44 conventos, con outras tantas parroquias e outras de difrentes fundacións e estatutos sin contar as ermidas: soilo arredor do Campo Grande hai 22). A terceira parte feita da Catedral, asegún os planos de Herrera, chama a atención; de fixo non seguirán endexamais os traballos. Outra *pieza* notabre é o convento e eirexa de Dominicos de S. Pablo, de xénero gótico (á dreita do presbiterio capela con sepulcro de mármore e retablo de execución *niníamente parada* de gusto gótico; sancristía con boas pinturas e esculturas).

O alcázar dos Reis é grande e reparado modernamente en *estilo juicioso*.

«*Ruas e casas*. A praza pouco menos que a de Madrid con casas (d'elas o Consistorio) coroadas de goardillas. Boa rúa de Santiago. Mesós. O millor o da *Rinconada*, por fronte da eirexa do S. Bieito.

Esguera. Cruza a vila e por moitas pontes ben conservadas xunta unhas rúas c'as outras.

Obras necesarias. Xuntanza do espolón novo co vello por unha rúa que debe pasar pol-a horta dos Trinitarios que está ó pé do Pisuegra e da que resultará comodidade e ir millor do Campo Grande á Ponte maior.

Ponte: Son dúas xuntadas á un correr pois unha quedou moi estreita: coñece nos arcos uns gotecos, outros de meio punto. Lugar de moito tránsito pr'a terra de Zamora.

RIOSECO E BENAVENTE.

Bó camiño hastra Villanueva debido ós diputados da Sociedá Económica de Valladolid. Un anaco pol-o monte de Torozos. En Mudarra gran fonte de catro canos con superior auga, mala pousada e despois baixada por lagoas hastra Rioseco. Vila de pán, viño e legumanzas. Moito trato e comercio. Todal-as rúas teñen soportales o que fai un *poco obscura la población*. A millor eirexa a chamada do *Refugio*. Gran arco de entrada pol-o camiño de Valladolid (24 pés de diámetro e 26 de outura contando aletas e impostas). Mesón de los Caballeros: boa entrada, farta mesa, limpas camas, boas coadras pr'o gando. Logo séguese por Villaflechos ó miserabre lugar de Villar de Tallares: a mesíña da pousada non erguia do chán dous pés e meio e as tres coartas de longo estaban cobertas de mantel asqueroso. En Villalobos, despois d'un camiño enlameado, soilo s'atopa ó final da longa rúa, a praza onde está o convento de Sta. Clara e unha probe pousada; o Conselleiro durmíu n'un coarto baixo, porco, «sin cama alguna de provecho». Castro Gonzalo, pobo tristeiro de xente probe. Despoixa atópase a ponte ca pousada pra arrieiría e cobranza do pontazgo. A ponte tan precisa está caducada pois o Consello de Estado non atende ás recramacións do país.

Benavente: 1.500 veciños, bó mercado semanal (todol-os prodoitos da terra especialmente trigo e cebada) rúas estreitas, encostadas, de croyo, sin casas de consideiración. Eirexas de S. Francisco, Sto. Domingo, e o Hespidal; alcázar ou pazo, ben deixado, da casa de Alba con xardís, hortas e grande bosque que n'outrora debeu ser famoso; agora está ameazado de destruírse pol-o que o Duque debía volver pol-as nobres ideias dos seus antergos. Benavente debía ser o centro de futuras carreteiras pra Galiza, León e Asturias.

D. XOHAN ANTONIO BRINGAS—DE BENAVENTE
Á SANABRIA.

Os viaxeiros chegan á Benavente o día 8 de mes d'outono (10.^a xornada) demorándose alí por indecisión sobre o camiño pra seguir descontra Galiza e pol-o estudo da ponte de Castro Gonzalo, hastra qu'o día 11 presentouse o correxidor d'Ourense Don Xohan Antonio Bringas. Nas portas da vila hai unha ponte onde comenza o estudo da carreteira de Galiza, pedida pol-as provincias de Sant-Iago, Ourense e Tuy. É preciso acomodar a ponte pra carruaxes. O lugar de Sta. Cristina demanda unha ponte sobre o río Orbigo que soilo é vadeabre catro meses ó ano pasándose en barca os outros oito cando n'hai que agardar sete ou oito días no tempo das cheas.—Na terra chá dende Santa Cristina a Quirnelas medra un fermoso bosque de encinas e carrascas. A veiga do río Tera crúzase por moitos pontillós, calzadas e pasales. N'outrotempo o Diputado de Galiza D. Vicente Vázquez del Viso propuña levar o camiño pol-a carreteira d'Astorga hastra o lugar de Manganeses de la Polvorosa. Mais á Sua Excelencia non lle parece ben a idea. O pobo de Sistrana en bó terreo preto do Río Tera, está composto de casas de tapiales sobre cementos de mamposteiría de croyo, trabazón de cal e areá, e tellado de tellas. Os froitales e hortas dán alegría ós arredores da poboación. Hastra Sta. Marta de Tera segue o país ameno de bosques e muíños, e crima sempre igual asegún os veciños pois en ningún tempo s'albisca a neve. Sta. Marta de Tera posto n'un outo chao somentes sirve de paso á poucos e tristes arrieiros. Na terra abonda o trigo, centeo, liño, gado, e as troitas do Tera. Eiquí comenza a notarse o xenio orgaizador do Correixidor d'Ourense que dispón unha soberba mesa no probe mesón d'arrieiros. Nos vals afluentes do Tera hai bosques de carballos e amieiros que estreitan o camiño provisto de pontes de pau. Por Camarzana o camiño preto do río está asombrado por bosques frondosos e moitas vegadas impedido pol-as cheas. Considerando o trollo e esterco das canellas de Camarzana,

o xefe pensa en guiar a carretera por fora dos pobos. Despois d'unha ponte antiga sobre o Rionegro chégase ó pobo d'iste nome; non tan malo como a xente dí pois ten posición vistosa, casas de silex branco e abondo de mantenzas.

Mombuey: 70 veciños, esgrevio paso con precipicios, casas dispostas en altos e baixos, de mamposteiría brava con verocos, tellados de colmo con lousas e atadallos de bimbio, distribución soilo boa pr'o gando sobretodo porcos dos qu'hai d'abondo e moito trato no mercado onde se trata en liño, cáñamo, legumanzas, gráus, touciño, xamós, gando, panos e bayetas en cantidá que asombra n'un pobo tan pequenó. Ista rexión da provincia de Valladolid ten bós sitios soilo lle faltan camiños. Demostran ista precisión os informes dos Superintendentes de Camiños e Correios Conde de Floridablanca e Príncipe de la Paz nos anos de 1735 e 86—Venta d'arrieiros en Cerdénilla—Asturianos: moita herba, liño e páu casas de mamposteiría con barro e cobertas de pizarra e palla. No pobo agardaban o Correixidor de Sanabria e outra xente de viso, d'eles Don Francisco Xavier González, abade de Requejo, cabaleiro de Calros III. En Asturianos bo xantar (carnes, viño de pasto); soilo faltaban os postres que non s'acostuman na terra. Ás vegadas veñen os portugueses vendéndoos pol-as portas. Hastra Sanabria pásase por Palacios (terras de liño, pán, centeo, arboredos), Remesar e Otero, xa en terra montesía.

Sanabria: A Puebla está en admirabile posición sobre unha roca; chán de pizarra con vetas de cuarzo branco; rúas esporentes con escaleiras labradas na pedra e nos ocos pequenos empedrados de croyo; casas de mampostería con silex, croyo, pizarra, cal e areia; portales sobre pés de pau sin labrar sosteñendo as fachadas de táboas de castiñeiro trieteadas de pizarra, pouca tella e bastante palla; bó castelo; parroquia gótica; unha dúcia de casas importantes; 300 veciños; algunha tenda de pán, viño, azeite e vinagre. A xente non pode ser millor mais a agricultura está deixada pol-a falta de relación. Importantísimo comercio de liño con Portugal; en cada mercado mensual véndese

por 300.000 r. de vellón, ou sexan 3.000.000 e meio ó ano. Ca apertura de estradas medraria o comercio de gando, carnes, escabeches, etc. Os viaxeiros demoraron pol-o mal tempo d'outono 12 ó 15 d'Outono, parando en casa d'un Rexidor por ser noxenta a pousada posta á esquerda da entrada da vila.

DE SANABRIA ÁS PORTILLAS

Hastra Requejo mal camiño con reviravoltas e pontillós. Moi feituco o pobo arrodeado d'arbres que cobren as casas deixando soilo ollar a pirámide da eirexa. Está ó pé da Portilla de Padornelo e ten un crego qu'é un miragre de aitividade e enerxía: estabreceu fábricas de sombreiros, colchas, lenzos, curtidos e fixo un bô anaco de camiño hastra a Portilla. S'houbera moitos cregos d'iste xeito non habería Monarquía como a Hespánhola. Ouvindo as malas novas do camiño desarmouse a silla de posta que foi levada en carros e todos seguiron d'acabalo. O camiño feito pol-o crego de Requejo é d'un coarto de legua entre arboredos. Despois do río Mosquitas, e do regueiro Carrancho, hai camiño en penedo, arroyadas: dina de lembranza a fermosura do sitio de Camaliñas, de lameiros e arboredos que baixan dos montes da esquerda. Esgrevias costas con anacos destroídos de calzada e moitas carballeiras ó correr. Ponte de Libros, marco dos Bispados de Astorga e Ourense, en peisaxe de fervenza e arboredos. No mais outo da Portilla erguese unha cruz de 10 pés e meio con inscrición gótica do século XIII. O pazo non é tan esgrevio como se dicía. Na baixada está o pobo, de casas grandes e probes; a xente ademirase da silla. Seguindo a baixada desconta Lubián paso do regueiro *Pedrayo* por un pontillón de madeiras coberto de lousas; lameiros e pasales sob'un río pequeno que pide boa ponte; a cäl é preciso traguela da Asturias ou montes leoneses. Lubián; espaxado entre castiñeiros; 60 veciños; bô término «apenas se conoce aquí a ociosidad»; os veciños teñen d'abondo pra vivir fartos, soilo precisan estradas.

AS PORTAS DE GALIZA

O 12 d'Outono saiu o Xefe de Lubián n'un-

ha liteira «silla apoyada sobre dos machos» que asegura a comodidade de sua Excelenza. Empezáse á ouservar o comercio galego; dinantes de Lubián atópanse moitos mercados que camiñaban pr'a feira de León. En Lubián dazaoito arrieiros con melruza, cóngrío e outros peixes salgados pr'a terra de Campos de Lubián maragatos con cento cincuenta machos con xéneros pra Zamora e Toro. Hai fartas carballeiras dinantes da ponte de Xoiza sobre o regueiro da Veiga, e preto o santuario de Nosa Señora da Tuiza, grande, con duas torres de silleiría que fan «magnificencia» Cruzando oito regueiros ó rubir costas de terras barrentas e pizarrosas chegase o outo da Portilla. Fermoso hourizonte pol-a parte de Galiza.

Dinantes do pobo de Canda (que dá nome á Portilla) unha fonte qu'endexama medra nin devece. O pobo ten soilo 7 veciños, eirexa probe feita de pouco tempo, moitos lameiros, searas e touzas. Vilavella; mal camiño esporente e perigoso aberto na pedra pol-a ferradura das bestas; vado do regueiro das *Hortas*; esterco nas rúas, pousada do Ferrador. En Vilavella xuntáselles a silla que se volveu á armar 75 veciños que gaban as suas produciós e esportan 200.000 réas de vellón c'as colleitas da pequena vega.

GUDIÑA E MONTERREI

Pobos de Pereiro e Cañizo, camiños lameirentos, estrume pol-as rúas, n'outono istranas con ponlas, e urces («especie de brezo o romero sin olor») botandolles por riba esterco das coadras e casas. Dinantes da Gudíña n'unha praza do camiño a hermiada do S. Bernabé preside a feira mensual de moito gando.

Gudiña: ó pé d'un alto pequeno; bô lugar de 75 veciños, alcalde e Correxidor do Señorío da casa de Alba; duas riolas de casas que fan unha rúa longa con piso de esquilmo; pousadas porcas; repártense pol-as casas do pobo; na do Sr. Correxidor pouca cursidade; é o 19 do outono con chuvia e neboeira.—Camiños barrentos, pontes Navallo e San Lourenzo, regueiros, lameiros e arboredos.

(Rematará no tomo próximo.)

A EIREXA DE SANTA MARÍA DE MIXÓS E AS SUAS ARAS ROMANAS

TRABALLO PRESENTADO NO SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS
POL-OS SOCIOS, SEÑORES:

D. FERMÍN BOUZA BREY, D. MANUEL FONTES CANAL, E D. XOXÉ RAMÓN E FERNÁNDEZ OXEÁ

(Proseguimento)

De un ouso son as eirexas de Santa Comba, San Pedro de la Nave, Santa María de Lara ou de Quintanilla de las Viñas e San Miguel de Tarrasa. A de San Xohan de Baños, que aparentemente poidera parecer de tres ousos, probado está que unicamente o central é un ouso propiamente tal, pois os dous

As eirexas con tres ousos, que responden á necesidade das tres advocazóns, que a protexen, comencian á apareceren co arte chamado asturiano. Os templos de esta época teñen casi sempre tres ousos cadrados que como teñen de-estar forzosamente na mesma liña pol-o interior da eirexa, solen presentar




Fig. 4.—Trazado dos arcos ousidaes

departamentos laterais caen fora do corpo da eirexa i-están arredados do ouso central n-un espazo cuase igual á súa anchura. Pol-o tanto temos que desbotar a suposición de que a eirexa de Mixós cos seus tres ousos (fig. 5) poida ser visigoda anque a elo nos incrinase o característico trazado dos seus arcos.

ó exterior a liña crebada na que o ouso central sobresaie dos dous laterais cando estes son de dimensións máis cativas que as de aquel. Tal é a disposición que gardan as eirexas asturianas de San Xohan de Pravia, Santullano, San Miguel de Lillo, Val-de-Dios, San Salvador de Priesca, San Pedro de Nora,

San Adrián de Tuñón e Góviendes todas elas de tres ousos e tres naves. Agora ben, os ousos das eirexas asturianas son sempre de planta cadrada interior i-esteriormente, cousa que non sucede na eirexa de Mixós.



Fig. 5. — Ousío de Mixós ó exterior

As únicas eirexas de cabeceira somellante á de Mixós, son edificios mozárabes como a leonesa de San Miguel de Escalada e a de Bobaster. Esta somellanza, que ven a complicar o problema da clasificación da eirexa de Mixós, fai o paso que este seña un exemplar por demais intresante e raro pol-as súas particularidades.

Cecais o estudo da decorazón de esta eirexa, con ser ela tan probe, poida facilitarnos algún dato que contribúa á pór en claro a época da súa edificazón. Todo o elemento decorativo da eirexa de Mixós redúcese á moldura que serve de imposta ós arcos (fig. 6); esta moldura é de traza netamente asturiana e dáse en moimentos do século IX ou X. Vémola en Góviendes, século IX, (fig. 7, A); en Santullano, século IX (fig. 7, B); en Nora, século X (fig. 7, A i E); en Priesca, século X

(fig. 7, A e F) i-en Deva, século X (fig. 7, A e G). (1) As molduras de Santullano (fig. 7, G) e San Tirso de Oviedo, século IX (fig. 7, D), non son mais que unha pequena variante do mesmo motivo, pro as primeiras poden facilmente confundirse co-a nosa. Iste detalle, ó parecer tan insignificante, é de grande valor pra datar a edificazón, pois en tales minucias decorativas é donde poden precisarse mellor as características de un estilo.

Tampouco o paramento dos muros, de aparello irregular, no que hai pedras de grandores diferentes, misturadas con cachotería i-ás veces con algún que outro ladrillo, responde ó xeito dos muros dos edificios visigóticos feitos de sillares regulares. O estar enlucidas as paredes pol-o interior é causa de que se non poida apreciar o despezado que presentan; mais abonda con ollalas por fora pra, dende logo, desbotalas como de construción visigoda.

Resulta, pois, que o único que poidera facer creer na filiazón visigótica de ista eirexa é o trazado dos arcos que, como vimos, dan unha prolongazón de un terzo de radio, pro temos que desbotar tal suposto vista a estrutura e os elementos decorativos. Ademais, nas eirexas asturianas dánse arcos que teñen así mesmo prolongazón de un terzo do radio co-a circunstancia de que, canto mais cativos son, mais pechada é a súa curvatura i-en troques os arcos grandes tenden á abrirse que é o que acontece, precisamente co arco central de Mixós que se retrae i-está peraltado en perto de un quinto do radio.

Por total-as devanditas circunstancias pómose en dúbida que a eirexa de Santa María de Mixós sexa un edificio de época visigótica i-en vista da súa marcada analoxía cas eirexas do ciclo asturiano, coidamos estar en presenza de unha basilica de tres naves de este tipo na que hay elementos de mozarabismo.

Insistindo no espresado de que nas eirexas asturianas dánse arcos que teñen tamén

(1) Datos estes debidos á xenerosidade proverbial do mestre Gómez Moreno de cuxo arquivo valioso forman parte, estando inéditos na maioría. As demais consideracións basísimas nos estudos eruditos do mesmo profesor «*Iglesias Mozárabes*» e «*Excursión a través del arco de herradura*», en «*Cultura Española*» (T.º III, 1906) así como na «*Historia de la Arquitectura cristiana española en la Edad Media*» do ilustre D. Vicente Lamperez.

prolongazón de un terzo do radio citaremos as de Nora e de Priesca que ostentan arcos de ferradura moi semellantes ós de Mixós; en Priesca, ademais, os arcos da cabeceira




Fig. 6.—Molduras, arranque de un arco transversal e arco da esquerda

son peraltados o que xunguido ás semellanzas que presentan as impostas de estas dúas eirexas ca de Sta. María de Mixós e a coincidencia de teren rtes ousos, aínda que os asturianos estean na mesma liña exterior,

fainos afincar máis a nosa sospeita de que Mixós sexa un edificio do chamado tipo asturiano.

De ser ademitida, pois, a nosa hipótese a eirexa de Sta. María de Mixós quedaría datada entre os fins do s. IX e os comezos do X.

* * *

Entre as sorpresas que nos deparou tan insigne moimento ocupan lugar de preferenza as pinturas muraes e as aras romanas, entre outras antigüidades que diremos.

Sitúanse as primeiras no ouso central, detrás do retablo barroco que o enche, ali á onde non chegou o encalado que o luxa. Á bon seguro que desaparecido este aparecerían as boutas cubertas de representacións relixiosas cuio interese non é preciso remarcar.

Representa a composición o Padre Eterno, barbado, con mouras crenchas mostrando as chagas das escoantes estremidades, sostenendo no regazo o Fillo crucificado, e o seu redor o tetramorfos do que se aprezen sómentes á dereita o touro, representación de San Lucas, en bermello e negro, e á esquerda o león, símbolo de San Marcos, en ocre.

Descontado o seu innegable medioevalismo, non podemos sinalarlle unha data superior ós séculos XIII e XIV, tal vez con repintados posteriores aínda.

As aras romanas son dúas, como deixamos espresado, ambas de pedra de grán. Unha de elas fica empotrada baixo a mesa vella—a nova é de cabaletes de madeira—do altar do Cristo, que ocupa a capela da banda do Evanxeo e cúa imaxe, tan loubada pol-o P. Yepes ten no altar pintado un letreiro que fala da devozón que Ignacio Rodríguez lle tiña no ano de 1603. Tén esta parede mensuras 70 cm. pra a outura e 39 a o anchor máisimo, presentando nas molduras superiores grabados de festóns en ángulo e no paralelógramo da superficie destiñada ó epígrafe, si o tivera, dúas diagonais e nos campos triangulares que elas deixan da banda superior e da inferior dibuxos de dous semicírculos concéntricos e nos dos

costados dous trazos retilíneos que seguen paralelos ás aristas laterais da ara en cuspición. Non conserva, repetimos, na parte visible inscripção nin letra algunha. O frontal do altar baixo do que se oculta está constituído por un soberbio coiro de Córdoba.

A outra ara forma parte da mesa do altar central. Ten as molduras inferiores soterradas, mais deixando o descuberto por com preto o notabel epígrafe que transcribimos, lamentando que as fallas da pedra impidan que poidan ser leídos totalmente a segunda liña e o nome do adicante.

Mede o conxunto dende o rás do chán 74 centímetros dos que 21 corresponden ás cin-




Fig. 7

co molduras que pol-a parte superior a adornan. De ancho na banda superior mede 50 cm. e só 40 na mesma dimensión a face onde a inscripção se labra. Diz así:

BANDVE
CAL CO
ER A
RVI
V L M

A primeira liña está constituída pol-o nome da divindade, nome basto na epigrafía romana peninsular da que conocemos as seguintes inscripções portuguesas:

BANDIOILENAICO (Esmolfa, Penalva do Castelo.) (1)

(1) Hübner, «C. I. L.»—A. N. 35.

BANDVE (Perto de Bragança.) (1)

BANDERAEICVS (Según lectura de Argote, na Ribeira da Pena, eirexa de Sta. Mariña, Villareal.) (2)

BANDIARBARIAICVS (Idanha a Vella, Beira.) (3)

E na Hespaña:

MANDICA DER (Ponferrada.) (4)

BANDVAETOBRIKO (Codeseda, Sareaus, Limia, Ourense.) (5)

BANDIAEAPOLOSEGVVS (Nas Brozas, Cáceres.) (6)

BCANTVNAECVS (Ciudad-Rodrigo.) (7)

BANDVE ITVICIESIS (Mezquitilla, Orgaz, Toledo.) (8)

BAN... (Malpartida.) (9)

BMERVASEVCS (Soure.) (10)

As que temos que engader a que cita Barros Sibelo nas suas «Antigüedades de Galicia» (11) como ollada por él en Bande e perdida dempois sen transcribirse aínda, e a que procedente de Eiras, San Amaro, Ourense ten en estudo o noso querido amigo F. L. Cuevillas a quen debemos esta nova. (12)

A localización das lápidas citadas fala ben craro de un deus do Panteón do Occidente peninsular, de unha divindade do Olimpo céltico, cuio nome botou fondas reigañas na toponimia de Galiza do que son mostra *Bandañeira*, *Bande* (un en Lugo e outro en Ourense), *Bandebo*, *Bandeira* (dos que hai

(1) Hübner op. cit. 2498.

(2) Hübner op. cit. 2387.

(3) Hübner op. cit. 434.

(4) Hübner op. cit. 5669.

(5) Hübner op. cit. 2515 e Vázquez Núñez.—«La epigrafía latina en la prov. de Orense», Núm. 11, do «Bol. de la Com. Prov. de Mon. Hist. y Art. de Orense», T.º I, Núm. 2, Maio de 1898.

(6) Hübner op. cit. 740.

(7) Hübner op. cit. 861.

(8) Hübner op. cit.—A, 179.

(9) Hübner op. cit. 8555.

(10) Hübner op. cit. 363.

(11) Ref. de Vázquez Núñez, no lugar últimamente citado.

(12) Léese certamente, según nos comunica:

BANDVE

E

As demais letras están moi gastadas, pero con maior deteñimento tal vez sexa posible a completa lectura por parte do noso amigo.

catro en Pontevedra e un en Ourense e que é nome que leva unha serra de Tras-os-Montes), *Bandexa*, *Bandelo* (dous en Lugo), *Bandesusaos*, *Bandín*, *Bandoxa*, *Bandón*, *Bandomil*... e do cal gardan os textos antigos dous *brigas* a él adicados na terra celta das Galias, *Bando-briga* e *Bondo-briga*, na actual Prusia Renana. (1)

O P. Fita comentando o nome de iste deus coida, seguindo n-esto o parecer de Bethan (2) a *Bandue* como divindade feminina significando *deusa* sinxelamente fundado, en que «o irlandés e o erse falando de persoas prefixa o sustantivo *ban* ó masculino pra formar o feminino: *banaba* (abadesa), *banhard* (poetisa), *baniarla* (condeixa), *baurigh* (raíña), *bandia* (deusa)» (3); mais a aparición da lápida de Bragança co simple



Ara romana do altar
da dereita

BANDVE sin adxetivar, botoulle por terra a teoría que manifesta en outra ocasión tamén ó interpretar seguindo a Zeus, o BANDVAETOBRIKO da lápida limica como un voto a Ceres facendo *hetho* = *frumenti* (4).

(1) D'Arbois de Jubainville, H.—*Les Celtes depuis les temps les plus anciens jusqu'en l'an 100 avant notre Ère*. París, 1904, pág. 98.

(2) *Etruria celtica* T.º II, pág. 52.

(3) P. Fidel Fita.—«Restos de la declinación céltica y celtibérica en algunas lápidas españolas».—*La Ciencia Cristiana*, Madrid, 1878, págs. 115, 116, 124 e 126.

(4) P. Fidel Fita.—«Lápidas romanas de Mosteiro de Ribeira. Ayuntamiento de Gínz de Limia en la prov. de Orense».—*Bol. de la R. A. de la Hist.* T.º LVIII, pág. 388, Maio 1911.

Mais adiante trocou de parecer e calificouno de númen andrónico (*Lunus*, *Luna*). (1)

Murguía cita á Gándara lembrando que iste autor pon en comparanza ó deus ca fonte Bandusia dos Sabinos e co nome xeográfico de Bände, e parez quedarse ca opinión de que se trate de o Marte galego, mais incrinándose á darlle carácter feminino tamén ata o punto de ter por presunta representación súa a plancha de cobre que tópada en Caldas de Reis representa unha figura de muller en actitude e vestimenta guerreira. (2)

Costa fai equivalente *Bando* a pugna, furia, violencia e a *haeto* a guerra ou combate e fala das *badhs* da mitoloxía irlandesa que eran varias irmáns, deusas, fadas ou feli-ceiras, paralelizándoas cas Walkirias xermánicas e, seguindo a Hübner, coida que «un santuario consagrado a Bandua houbo de existir onde agora está o de N. S. de Hedra, Cova da Lúa, parroquia de Sta. Comba» (3) referíndose sin dúbida ó epigrafe trasmontano de *Cornelius Oculatus*. (4)

Pol-a sua banda Leite de Vasconcellos que n-unha parte dí que *Bandue* significa divino (5) n-outra espresa que a raíz *band* significa ordear, prohibir (6) e derradeiramente (7) cita a Schuchertt (8) que dá as verbas que seguen a Bandua como *epítetos* tópicos ou étnicos de carácter adxetival en ablativo, agás Ilienaico que pode ser unha verba separada.

A segunda liña da lápida parez ser un adxetivo que acompañe ó *Bandue*, simpático ós epítetos adxetivais cuia serie pode

(1) Ref. de Vázquez Núñez no lugar derradeiramente citado.

(2) Manuel Murguía.—«*Galicia*» na col. «España y sus monumentos». Barcelona, 1888, pág. 159. Na pág. 154 fala de Bandia «deidad protectora de las aguas termales». Pro onde despraza mais a súa opinión e na «*Historia de Galicia*» 2.ª edición La Coruña, 1901, pág. 664 e seguintes.

A praca da presunta Bandua reproducen Murguía tomada na voz de Neira de Mosquera no «*Semanario Pintoresco Español*» de 10 de Outubro de 1852.

(3) Xaquin Costa.—«*Mitología y literatura celtolusitanas*» págs. 232 e 233, nota 2.

(4) E a de Bragança, núm. 2898 de Hübner xa citado.

(5) Leite de Vasconcellos.—«*Religión da Lusitania*» volume II, pág. 66.

(6) Loc. cit. pág. 317.

(7) Loc. cit. Vol. III págs. 219 e 220.

(8) «*Die iberische Deklination*».

observarse nas transcritas inscripções. Infelizmente non é posible ler senón as letras CAL...CO fallando dúas que tal vez desen o epiteto xentilicio de CALAICO marcado pol-a L crara na lápida. Non acertamos n-este punto con outra interpretazón. (1)

As dúas liñas que seguen están formadas pol-o *nomen* feminino da persoa que adica o moimento, ER...A que puidera ser ER-SIA (2) ou ERATA (3) ou ERARA (4) e mais pol-o *cognomen* RV e un trazo vertical que pode ser RVFINA (5), RVFIA (6) ou RVFA (7) lembrándonos de que pra Hölder (8) RVFVS é verba celta.

Por fin ven o V (otum) L (ibens) M (érito). Así é que podemos postular ista lectura e traduzón:

Bandue calaico? Erata? Rufina? v (otum) (ibens) m (érito) [s (olvit)].

Erata? Rufina? [cumpren] de boamente o voto moi debido que lle tiña feito a Bandue calaico?

Pra rematar faremos sempre menzón da pia bautismal, de pedra de gran, monolítica,

(1) Don Manuel Gómez Moreno propón CADAGO como lectura pra ista segunda liña, pensando tal vez que o erguemento do trazo inferior da presunta L puidera corresponder a o comenzo da curvatura de unha D; mais ó toparse na mesma lápida a L de *ibens* co mesmo erguemento fainos pensar n-unha peculiaridade do grabador da lápida mais que n-unha letra incompreta. Respecto á presunta G faremos constar que, en efecto, na lápida aparece mais pechado un pouco o trazo que compoñ a penúltima letra que a da primeira que é C, sin dúbida algunha.

(2) Temos o masculino na epigrafa asturicense:

ERSIVS · M · F · POL
ESVS etc.

Vide Marcelo Maclás «Epigrafa romana de la ciudad de Astorga. Addenda» no Bol. C. P. de M. H. y A. de Orense, Tomo II, núm. 34.

(3) ERATO na Lusitania (C. I. L. núm. 90); ERATVS C. I. L. (núm. 1802).

(4) ERARI na Lusitania (C. I. L. núm. 438).

(5) Correntísimo na epigrafa romana.

(6) L · RVFIO · MATERNO
AN · XV
L · RVFIVS · PATER

na epigrafa asturicense. Vide Maclás. — «Epigrafa romana de la ciudad de Astorga». Bol. Com. P. M. H. y A. de Orense. «Tomo II, núm. 26, Maio, Xunio 1902».

(7) Conocido na epigrafa ourensana por dúas lápidas a de BOELIVS RVFVS (Hübner 2530; Vázquez Núñez, 6) e a de APRONIA RVFA (Vázquez Núñez, Suplem. Núm. 10 da Epigrafa ourensana, B. C. P. M. O. T.º II, núm. 35 repetida por Maclás coñecendo inédita no T.º IV, núm. 91).

(8) «Alt- u. Celtscher Sprachst.»

decorada con arcos de ferradura e da tampa sepulcral deltada na cerca do adro da eirexa, tosca figurazón humana, de ancho rosto e brazos arrombados encol do peito, vestindo roupón floxo que cai en plegues tubulares ó longo da figura e baixo do que asoman os calzados pés, de mais moderna época.

E agardando que a fortuna nos proporcione mais adiante ocasión pra ilustrar documentalmente moimento de tanto interese pra o arte e a arqueoloxía de Galiza ofrecemos ó «Seminario de Estudos Galegos» istas primicias da nosa descuberta facendo presente o noso fondo agradecimento á quenes nos axudaron con tanto celo como liberalidade n-es-



Ara romana do altar central

te empeño, en espezal ós Sres. Cura Párroco de San Mamede de Estevesiños, cultísimo amigo, a D. Luís Bouza Trillo, de Vilagarcía de Arousa e destacando mais singularmente aínda ós ilustres arqueólogos D. Manuel Gómez Moreno e D. Caietano de Mergelina que ademais de nos proporcionar as súas ensinanzas de mestres, aínda fixeron saír dos seus ficheiros materiaes inéditos e os en Mixós persoalmente adequeridos, modo eixemplar de facer cencia que perdurará nas nosas lembranzas.

No mes de Outono de 1928.

Fotografías do Dr. Caietano de Mergelina. Dibuxos do Dr. Mergelina e dos autores.

CATÁLOGO DOS CASTROS GALEGOS

PUBRICADO POL-A SEIZON DE PREHISTORIA
DO «SEMINARIO D'ESTUDOS GALEGOS» DE SANT-YAGO

CONSIDERAZÓNS FOLK-LÓRICAS

Pra meirande craridade, e tamén uniformidade d'iste Catálogo dos Castros Galegos, iremos eiquí seguindo o mesmo orde que temos seguido no estudo do folk-lore dos da bisbarra de Vilamarín, fascículo primeiro d'iste traballo, pondo por separado as especialidades que s'atopen, que sempre as hai.

OS HABITADORES DOS CASTROS.— Son unha dúcia os castros da parte de Célanova de que temos recollido algún folk-lore. D'esta dúcia, en catro somentes dise d'un xeito terminante que seña cousa de mouros (Outeiro de Vimieiros, Outeiro de San Marcos, Furriolo e Castromao). E aínda somentes d'un hai propiamente notiza de qu'os mouros sigan vivindo n-il: o Castromao. Mesmamente, istes mouros son da caste especial en col da que xa temos chamado a atenzón: son mouros que *comien porco*... É o único caso da que temos chamado *leenda mítica* dos mouros. Hai, é certo, unha moura encantada no Outeiro de Vimieiros, mais esta moura, coma pol-o demais case todas as da súa caste, ten mais de fada nórdica que de devota do *Zancarrón*. Esta moura do Outeiro de Vimieiros ten o carate enganoso e fuxidio das ondinas e das serenias, é unha Loreley galega, semella completamente indo-europea. É, coma houbera dito un ocultista da escola oriental, un *maya* da noite, coma si fora un engano astral da lua. E por si fora pouco, aparece na noite dos misteiros, na noite sagra de San Xohan. Os seus paralelos atópanse abondo no noso folk-lore, no de Portugal e mais no d'Asturias: é a *xana* asturián (véxase C. Cabal, *La mitología asturiana*, *Los dioses de la*

vida, Madrid, 1925, páx. 71 e segs. e Aurelio del Llano, *Del folk-lore asturiano*, *Mitos, supersticiones, costumbres*, Madrid, 1922). Cabal establece a relación da *xana* con *Diana*, deusa que na Edade Meia converteuse en demo, posto que xa San Martiño Dumiense fala dos qu'adoran *as dianas nas devesas* («*in silvis dianas*», *De correctione rusticorum*, citado por Cabal, lib. cit. páx. 116). A cita de San Martiño Dumiense é proba da existencia do mito na Galiza do seu tempo, e que é o mesmo mito, dío a conservación do nome n-Asturias. O nome semella existir na Galiza en masculino; Cabal cita no seu apoio a Rodríguez López, *Supersticiones de Galicia*, Madrid, 1910, páx. 173. Efectivamente, evacuada a cita, atopamos: «Los fantasmas, que en algunos puntos llaman *xas*, van a los molinos a meterse con la gente a las heredades a robar el fruto y a las cuerdas a ordeñar a las vacas». Non temos ningunha outra notiza do emprego d'iste nome. As *xanas* chámanse eiquí doncelas ou mouras, com'a que nos ocupa.

Os outros casos semellan pertencer á que temos chamado *leenda histórica* dos mouros. No mesmo Outeiro de Vimieiros dise terminantemente que foron botados d'alí pol-os romanos, cos que tiveron grande guerra. A versión non deixa de ser importante pr'a teoría por nós sustentada da identificación dos mouros cos habitantes pre-romanos da Galiza.

Mais eiquí atopamos outros habitantes que non son mouros: un xigante (Castro de Trelle), tres reis (Outeiro de Pazos) unha *témpera* (Castro de Mourillós), indetermina-

dos (Outeiro de Rubiós). Todo isto é merecente de menzón especial; eiquí somentes insistiremos en que *non sempre son mouros* os habitantes dos castros: moitas veces a *trasposición* da leenda se non verificou, e a leenda ficou mais perto da versión mítica orixinal.

OS TESOUROS.—Hainos en Trelle, Vimieiros, Pazos, Mourillós e Ourille. A versión do que oi falar en lonxanas terras dos haberes acochados no Castro da sua freguesía, repítese no de Trelle. Ren temos qu'engader o dito o falarmos dos de Vilamarín.

No de Trelle hai que ter en conta duas formas de presentarse o haber: cabra e cabirto d'ouro e Virxe d'Ouro. As dúas solen ser atopadas en moitos casos. A cabra e o cabirto son os que responden sen dúbida á tradición mais antiga, embora poidérase achar contamiñada co-a do Becerro d'Ouro da Bibria, xa que moitas veces, o tesouro ten tamén a forma esa. Tocantes á Virxe d'Ouro, debeu ser posta no canto d'outra imaxe, sen dúbida d'un idolo. É lóxico que nos tesouros dos pagaos s'atopen ídolos de metal precioso; ora, a leenda medieval aponlle tamén os mouros o teren ídolos: nas historias dos Doce Pares de Francia, fábase d'unha estauta de Mahoma qu'había na torre ond'estiveron Oliveros e outros dous pechados con Floripes, filla do almirante Balán, sitiados pol-as tropas d'iste, das que se defenderon os cristiáos guindándolles anacos do idolo que desfizeran, despois de teren convertido a Floripes. Na *Crónica de Turpin* fábase do *Idolo de Mafomete* tamén de ouro que había en Cádiz (lembranza cecais do tempo de Mel-Kart). Coidamos ser esta a espricazón mais doada.

A TRABE D'OURO.—Voltámola topar, en compañía da d'alquitrán, no Outeiro de Vimieiros; no de Trelle, son dúas *minas* en lugar de trabes; no de Pazos, o alquitrán preséntase en figura d'un becerro (véxase o dito no parágrafo anterior), que semella ser d'ouro a primeira vista. Remitímonos ó dito no primeiro fascículo d'iste catálogo.

OS GARDIÁS DOS TESOUROS.—No Castro de Mourillós, o tesouro áchase custodiado por unha *témpera*...

Perguntado ó informador en col de que

caste de cousa era a *témpera*, semella que respondeu que tiña algo así coma corpo de león, e que en resumidas contas, era cousa «que puña medo», un monstro.

Non sabemos arestora cal é a orixe d'esta verba, nin si compre relacioala co latín *tí-meo*, temer ou *temere*, temerariamente, ou co verbo *témpero*, emporcar, emponzoñar. A idea dende logo pódese referir a calquera d'iles.

A *témpera*, non é, de todas as maneiras, cousa d'iste mundo. Pódese entreter botándolle un gato negro. Tamén esta é cousa d'abondo repetida n'estas historias: de cote o inxenio humán atopa engados pra vencer os encantos. Moita parte do contido da maxia consiste n'estas artimañas. É com'aquél mortal que pr'entrar vivo nos infernos, ponse unha pelexa de león e leva unha lira, pra qu'o Cancerbeiro pense que é Hércules ou Orfeu. Tamén o Cancerbeiro podía-se adormentar c'unha torta ou vica que se l'ofrecía. Mais eiquí é un gato negro, o qual, co muricego, a curuxa, o corvo, o sapo, pertence á goecia ou máxia negra: é das bestas preferidas das bruxas, e o demo colle moitas veces a sua aparencia.

DESENCANTAMENTO DOS TESOUROS.—N'esto atopamos eiquí algunhas cousas intresantes. Temos cinco referenzas de desencantamento ou obtención do tesouro: Trelle, dúas no Outeiro de Pazos, Mourillós, e Ourille.

En tres casos, o procedemento é tradicional do desconxuro: un crego que en compañía d'algús homes vai faguer o desencantamento. N-un dos casos, referente ó Outeiro de Pazos, o crego morre o mesmo día en qu'iban principiar os traballos: as forzas ocultas gardadoras do tesouro ferirono enantes de que puxera en xogo o seu poder d'exorcista.

Na outra versión referente ó mesmo Castro, aconsellan que se non diga o nome de Xesús. O demo, pol-o tanto, anda no meio. É esta unha das cousas que mais á miúdo se repiten.

No caso d'Ourille, o crego e os veciños, armados de libro, vela e un cabirto branco cos dentes negros (en certas versións do *Libro de San Cipriano* aconséllase tamén o sa-

crifizo do cabirto—eiquí branco, ou seña, limpo coma *hostia pacífica*, co detalle torto e goético dos dentes negros), van faguel-o desencanto, e semella que conseguiron que s'abrira o subterráneo.

Notaremos a mistura do cristiao no crego

e nos desconxuros, co pagao do sacrificio (pagao, anque poida ter tamén forte lembranza xudaica: a lei antiga e a lei nova concurrindo á grande obra máxica).

(Continuárase)

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

CEN ALCUMES POPULARES

Moitos dos seguintes alcumes, n-un co-menzo verdadeiros motes con todas as circunstancias aldraxantes que levan consigo, están hoxe convertidos en nomes pra designar ás persoas; son como cáseque apellidos, e de algún sabemos que xa pasou como tal ó Rexistro. (1)

Hainos que denotan moita antigüidade. Transmitense de pais a fillos acomodándose

ó xénero e inda á idade. Por eixemplo, o vello *Caracón* deixou unha filla que aínda vive a quen chaman *Caracóna*; os netos do Caracón chámanlle *Caracóns*.

Tamén é moi frecuente o emprego de diminutivos e aumentativos, coma *Chonón*, *Choniño*, *Demón*, *Demiño*, etc. De moi poucos se sabe a orixe, que pol-o demais é do mais arbitrario: unha verba dita en certa ocasión con gracia, ou mal dita, un defeito físico ou moral anque poucas veces, un feito soado, algunha semellanza con animais, os oficios (a muller do garda civil é a *stivila*), etc. etc.

Veleiquí algúns eixemplos das Rías Baixas:

Alsa-o-rabo, Allo, Arnal, Bicha, Bichoco, Bixaira, Bocheira, Bufo, Burateira, Caga-leite, Caga-na-cunca, Caga-na-tella, Caliteira, Can-do-cura, Capellana, Caracóna, Carandela, Carallón, Carrandán, Carneiro, Carajilla, Carrizo, Carroucho, Carrupeira, Cavoco, Condese, Cotrancho, Currutaco, Calrín, Champaina, Chincón, Choco, Chono, Chopo, Demo, Do-botiño, Doctora, Fazuda, Fedello, Fino, Gache-gatiño, Galleira, Ganana, Garameleiro, Gargalla, Grilo, Laberco, Lastafa, Lixeira, Lombo-de-peneira, Manita, Marquesa, Marreiro, Mixiña, Monteiro, Morriña, Nanaina, Nostro-Siñorino, Paco-Ru-o, Palluzo, Paxaxega, Papaina, Pava, Peliños, Peixiña, Pérola, Petado, Peida, Pichona, Picon, Pinchela, Pinfoa, Pitoca, Pelexa, Poleira, Porqueira, Primera, Princesa, Prixela, Prásita, Queima-casas, Rata, Raxa-

(1) O estudo dos alcumes é unha das máis importantes partes do estudo do onomástico d'un país. Na nosa Terra os alcumes empréganse a cotío aínda antr'a xente das clases altas das cidades, e coma na aldeia, transmitense tamén ós descendentes. Na aldeia, hai moitos labregos que chegan a esquecer os seus apellidos oficiais, os cales xeralmente se non empregan na vida privada. Moitas veces temos pasado, pra sabermos os apellidos oficiais d'algún, termos que perguntarllos a un picapleitos d'íles que hai en todos lados, que lles gusta andar merendo sempre o nariz no xasgado: era o d'aqueu que, pol-a súa afección pol-o papel sellado, os coñecía. Non é só o alcume o que s'emprega en lugar do apelido, senón o nome do pai ou da nai, o nome do lugar, o nome do oficio. Algúns estudos a respecto dos alcumes, tense en Portugal. Qu'agora lembremos, hai un artigo de J. J. Nunes no número 7176, vol. IV da *Lusa*, titulado *Apelidos e alcurnias*, no que recolle algúns empregados pol-os romanos e ós que dá coma orixe: 1.º semellanza con bestias, 2.º auxetos ós que os alcurnias tiñan atribución, 3.º calidade física e moral, 4.º circunstancias da vida da persoa. Que veñen ser as qu'indica o noso querido colaborador R. M. L. O Sr. J. J. Nunes cita, collidos de D.ª Carolina Micháels os seguintes galego-portugueses dos séculos XIII e XIV: *Arizmao* e *Arizmao*, *Bolsetro*, *Bravo*, *Caldeirão*, *Citola*, *Chora*, *Coello*, *Cogomido*, *Corpancho*, *Dalanda*, *Esgaravada*, *Gulparro*, *Maldonado*, *Maldonado*, *Mogudo*, *Parco*, *Praga*, *Redondo*, *Saco*, *Salaz*, *Tenreiro*, *Torneol*, *Turricano*, *Vello*, *Vulturino*, *Zorro*, e *Zote*. Antr'íles atopamos varios apellidos (Caldeirão, Coello, Maldonado, Saco, Tenreiro, Vello) algúns d'íles illustres. Ben sabido é qu'os apellidos modernos veñen da Idade Meia, e que acaron dos patronímicos, os nomes de terra e os d'oficio, hai moitos que no comenzo foron alcurnias. Sobr'isto dos alcurnias, J. J. Nunes cita as verbas de Lang no seu *Liederbuch des Ritters Denis von Portugal*, que traducimos: «Os galegos e portugueses teñen unha aguda visión das particularidades persoais, que se manifesta, coma nos antigos romanos, no gran número de sobrenomes que atopamos nos documentos... Aínda hoxe o pobo emprega con preferenza os sobrenomes (*alcurnias*) en lugar dos nomes de familia.»

da, Riasa, Retroba, Rondefia, Sousanoca, Serena, Sete-gaiteiros, San-Niño-Dios, Sicho, Serrana, Subiela, Terra, Tixolo, Xosco, Xan-pichas, Xiraldillo, Xixona, Xouba.

Algunhas ouservazóns:

Alsa-o-rabo. A persoa que ten iste alcume tiña un merlo, e sempre lle andaba a decir: Alza o rabo, alza o rabo"... e quedoulle ise mote.

Arnal. Había un home na Barbanza que tan malo era que d'unha vegada loitou c'un cán arrabeado, e matouno a dentadas. Por medo a coller a rabia foi onda un médico de Sant-Iago á que o tratase, mais o médico díxolle que non lle entrara a rabia do cán, porque inda tiña el mais rabia que o animal. A iste héroe barbanzeiro puxéronlle *Arnal* de mote. Chámanse *arnales* a unha clás de lagartos e cobras que a xente ten por moi ponzoñosos. Pra sandar das suas mordedelas compre ouvir sete misas en sete irexas distintas. (1)

Can-do-cura chamaban ó único amigo d'un cura impopular.

Choco. Dous rapaces atoparon un ovo de galinha que aínda tiña o pito. Dixo un: «Quen

nos dera unha galinha pra chocalo!» E o outro respondeu: «Chócoo eu! Chócoo eu!», e quedoulle de mote *choco*.

Chono. O diminuto familiar de Francisca é Chona.

Do botiño. Moi afeizado de rapaz á andar con barquiños de cortiza nas pozas, quedoulle ise alcume.

Paxaxega. Cando era pequeno e pasaba pol-o camiño unha pita cega que había na casa) decía: «Paxa a xega pol-a correioira». Ise é a orixe do alcume. (1)

Pinfoa. Foiselle unha vegada o viño d'un barril e berrou: «Pinga foa, pinga foa!»

Princesa. Moza preguiceira. Os mozos cantábanlle: «A ti celestial princesa...» (2)

Queimacasas. A vella que nos dou istos datos díxonos: «Chámanlle así porque queimou unha casa. Xa de pequeno andaba sempre cos mixtos na mau.»

R. M. L.

(1) Os defectos de pronunciación sólen ser dos que mais bulza fal a xente: arremedan os textos, os que fan r gutural, etc. A pronunciación palatal de *s* dáse moitas veces, e en moitos casos é propia de probes d'esprito; a xente arremédanos sempre. E mais hai moitas pronunciacións normais de verbos que veñen d'ahi: *xabón de sapón, xarda de sarda, xerra de serva*, etc. García de Diego (*Gram. hist. gall.* p. 34) trae quince exemplos.

(2) Nótese a influencia das oracións e recitados relixiosos na mente popular.

(Notas de V. R.)

(1) Temos ouvido dicir que n'unha gran zona, anque mais especialmente na bisbarra de Chantada, chaman *arnal* a toda casta de lagartos. Outros din que sómentes os lagartos grandes.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

CULTURA PORTUGUESA.

A fermosa revista *Portugale* infórmanos da grande intensificación do labor intelectual da Universidade de Coimbra. Menciona os *Cursos de Férias* (dos d'iste ano tiñamos nós recibido o programa por certo ilustrado con lindos deseños de D. Diogo, comprendendo cursos de lingoa e literatura portuguesa, española, francesa, italiana, inglesa e alemá, historia, xeografía e arte de Portugal, excursións, etc.); o *Instituto Alemão*, fundado pr'o intercambio con Alemaña, que publica un *Boletín* e ten unha biblioteca de 6.000 volumes e mais de 80 revistas; a *Sala Italiana*, cos mesmos elementos; a *Sala Francesa*, o *Instituto Francés* que tamén funciona no Porto e en Lisboa;

a *Sala do Brasil*, en organización aínda; o *Instituto Indiano*, que ha ser un bon núcleo d'estudos orientais; o *Instituto de Fonética Experimental* que traballa n-un Atlas lingüístico portugués; o *Instituto de Estudos Históricos e Filosóficos* que posee ricas coleccións de Esfrazística, Numismática, Epigrafía, etc.; a *Associação dos Estudantes de Letras*, con biblioteca e cursos de linguas, etcétera.

Anúnciase a publicación de libros dos señores Ezequiel de Campos, Emmanuel Ribeiro, Visconde de Vila Moura, Tenente Afonso do Paço, Leão Martins, Conde d'Aurora e da *Guide Bleu* de Portugal e Illas, da casa Hachette, debida en parte a Raul Proença.

Compre engader a isto a Esposición do libro portugués en Madrid, que foi un grande

éxito, e o número que l'adiciona a *Gaceta literaria*, no qual apareceu un artigo de Correa Calderón en col das relacións de Galiza e Portugal que loubou moito a *Seara Nova*.

LIBROS

O DOUTOR DIABO, por CLAUDIO BASTO, Porto, Maranus, 1928.

ESTRANA e sinxela historia, que non é mais despois de todo—a mais da beleza do estilo e da riqueza do lingoaxe—qu'unha cura feita por meio da transmisión por vontade do pulo vital feita por un misterioso doutor que resulta ser un home cheo de vida e de ledicia, un precursor da verdadeira medicina. Con asunto tan sinxelo, fixo o gran erudito e elegante escritor, unha fermosa historia. A impresión de Viana do Castelo, cos seus paseios beira da Limia, seus xardíns e suas magnolias, está ademais maxistralmente dada. Vívase o engado silenzoso anque rideñte d'aquela bela cidade nas primeiras horas da noite.

Ora: danos porventura iste librito, algo das intemas conviccións do Dr. Claudio Basto? Sería dino de se saber... «*A vis medica trix naturae*» non é uma fantasia... «Essa força esmorece por vezes, fraqueja, apatiza-se,—e a doença, não raro incompreendida, canta vitória fácil»... «esta força nervosa... irradia fora de nós, por nós condicionada, e é acção no corpo alheio em que se introduz»... «Ha corpos apenas doentes por inércia, mas que albergam, no estado potencial, energia para sobreviver»... É acaso isto o que nos quer ensinar o noso amigo? Pol-a nosa parte, a conformidade é cumprida. V. R.

COMO FALAN OS BRAÑEGOS, por ANTÓN NORIEGA VARELA, Cruña, NÓS, 1928.

O poeta Noriega Varela oférecenos n-iste libro unha intresantísima recolleita de falares do pobo, das que tan precisas se nos fan, e que han ser a base fundamental dos nosos futuros estudos filolóxicos. Hai eiquí ditos, refrás, cántigas, contos, brincadeiras dos nenos, etc., recollidas somentes en vista do seu interese lingüístico e que constitúen unha aportación de gran valor. Están recollidas todas nas terras de Mondoñedo, na Graña de Vilarente e arredores, onde o señor Noriega exerce o Maxisterio e son mais de mil exemplos que constitúen a primeira serie, á que han seguir outras, que agardamos co meirande interese.

Co-iste van 17 volumes publicados pol-a

Editorial NÓS, cuio esforzo é dino da mór loubanza, xa que ten feito á Galiza o servizo de sacar á luz obras de primeira importancia literaria e centífeca que de non ser por ela cecais non houberan surtido á luz. S. N.

EL OBISPADO DE ASTORGA A PRINCIPIOS DEL SIGLO XIX, por MARCELO MACÍAS, Ourense, 1928.

O ilustre mestre publica n-iste libro as curiosas notas d'un *Catálogo de todos los curatos, sus anexos, Conventos, Santuarios, ríos, lagos y otras particularidades que se comprenden en todos y cada uno de los 25 Arciprestazgos del Obispado de Astorga*, manuscrito anónimo do ano 1799 en 43 folios, que ten no seu poder. No prólogo fai a descripción do eixemprar e do seu contido, e traí diversas consideracións en col do tempo en que se fixo e da diócesis d'Astorga. Ven despois a publicación das intresantes notas xeográficas dos 25 arciprestádegos, e por fin as eruditas notas con que o ilustre editor avalora o libro. Dos arciprestádegos d'Astorga, os de Quiroga, Trives e Manzaneda, Robleda e Valdeorras pertencen a Galiza. Ten pol-o tanto pra nós aínda iste interese a derradeira obra do Dr. Macías. Das quince notas ilustrativas que pon, sete refírense a Galiza. S. N.

A FIREXA DE STA. MARÍA DE MI-XÓS E AS SUAS ARAS ROMANAS, por F. BOUZA BREV, M. FONTES CANAL e X. RAMÓN FERNÁNDEZ OXEA, Cruña, NÓS, 1928.

CONTÉN esta publicación do Seminario d'Estudos Galegos, Seizón de Arqueoloxía, o traballo xa coñecido dos nosos lectores, que remata n-iste mesmo número. Non hemos pol-o tanto dicir d'il ningunha cousa que dos nosos lectores non sexa coñecida.

REVISTAS

No número que ven, esta seizón bibliográfica terá un novo desenvolvemento, volviendo dar conta do sumario de todas as revistas que se reciban e recensión dos artigos qu'ofrezan un intrínseco especial.

Asimesmo tencionamos precurar ós nosos lectores a mais cumprida información do movemento centífeco e literario de Galiza e d'afora.

Imp. NÓS, Real, 36-1.º A CRUÑA

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés, 50
A CRUÑA

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFABADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Xa está a venda

O PORCO DE PÉ
(NOVELA)

por Vicente Risco.

OS PEDIDOS A NOSA ADMINISTRACIÓN

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escrusiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE

Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todol-os estabreci-
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

Os Camiños da Vida

por R. Otero Pedrayo.

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE

LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA

DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina

CIRUJANO

y

D. Antonio M. de la Riva

GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todol-os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



A hixiene dos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.



**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO

O Xabrón da Toxa
é o mellor.

Honra á Galicia no
mundo enteiro

"NÓS" recomenda . . .

O GALO

por † Lois Amado Carballo 3'00 ptas.

Margarida a da sorriso d'aurora

por Evaristo Correa Calderón 0'50 ptas.

De mín pra vós

por † Ricardo Carballal 1'00 pta.

CONTO DE GUERRA

por Camilo Díaz Balño 2'00 ptas.

A fiestra valdeira

por Rafael Dieste 2'50 ptas.

ESTEBO

por Xosé Lesta Meis 3'50 ptas.

María Rosa

por Gonzalo López Abente 1'20 ptas.

De Catro a Catro

por Manuel Antonio 1'50 ptas.

Como falan os brañegos

por Antón Noriega Varela 2'00 ptas.

Os Señores da Terra

por Ramón Otero Pedrayo 2'50 ptas.

A Maorazga

por Ramón Otero Pedrayo 2'00 ptas.

O Estudante

por Ramón Otero Pedrayo 2'50 ptas.

Dibuxos en Linoleum

por Xaime Prada 2'50 ptas.

A tola de Sobrán

por Francisco Porto Rey 0'80 ptas.

O Bufón d'El Rei

por Vicente Risco 0'80 ptas.

O porco de pé

por Vicente Risco 3'00 ptas.

Cantigas e verbas ao ar

por Xulio Sigüenza 2'00 ptas.

Triptico Teatral

por Antón Villar Ponte 3'00 ptas.

HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA

por Ramón Villar Ponte 5'00 ptas.

Doctrina Nazionalista

por Ramón Villar Ponte 2'50 ptas.

En breve aparecerá

A LAGARADA

por R. Otero Pedrayo.

(Farsada dramática pra lér)